

O CLAUSTRO DO IES MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ DECIDIU EN CLAUSTRO DO 30 DE XUÑO DE 2020 PRESENTAR ESTE ESCRITO DIRIXIDO ÁS AUTORIDADES EDUCATIVAS

Este escrito nace do malestar que sentimos a maioría de equipos directivos e profesorado dende que se decretou o estado de alarma o 14 de marzo e que supuxo a suspensión da actividade presencial nos centros educativos.

Dende ese momento a confusión debido á ausencia de directrices claras e criterios comúns de actuacións foi en aumento, algo especialmente grave no relativo aos criterios de promoción e titulación, deixando toda a responsabilidade aos equipos docentes e propiciando desigualdades evidentes entre os diferentes centros, propiciado por unhas instrucións deliberadamente ambiguas. Os equipos directivos estamos a sufrir unha presión sen precedentes, que poucas veces vén acompañada da comprensión e colaboración da Administración.

Empezamos coa suspensión da actividade lectiva, **anunciado en primeiro lugar nos medios de comunicación**, cunha serie de instrucións consecutivas (permanecer no centro todo o profesorado, logo so o equipo directivo...), que cambiaban a cada momento

O reparto apresurado e sen apenas marxe dos equipos informáticos que entregou a Consellería de Educación. Tamén aí foron esixentes cos prazos e as familias tiveron que ir recollelos ao centro durante o confinamento total que se decretou unha semana antes das vacacións de Semana Santa.

O traballo desmesurado e inxente por parte de todo o profesorado para elaborar materiais, organizar os diferentes espazos virtuais e conectar co seu alumnado. Xornadas interminables que a Administración “agradeceu”, pedindo ás equipas directivas que concretasen como estaba a traballar cada profesor/a con cada grupo, **transcorridos tan só 3 días** dende a suspensión de clases presenciais.

As agardadas instrucións para o desenvolvemento da 3ª avaliación publicáronse ben comezado o trimestre. Delegaban toda a responsabilidade nos equipos directivos e nos equipos docentes, no relativo á promoción e titulación do alumnado, podendo provocar isto situacións de desigualdade dependendo do centro de estudos.

A publicación dunhas instrucións complementarias, introducindo a condición de acadar un 5 de nota media na etapa para a titulación en 2º Bacharelato, engadiu máis confusión ao tema.

A decisión precipitada de retomar a actividade presencial voluntaria para o alumnado de 2º Bacharelato e Ciclos non estivo sustentada en razón pedagóxicas e foi tomada de forma unilateral por parte da Administración, argumentando razóns emocionais, pero sen garantir que todo o

alumnado puidera acudir ao centro por falta de transporte escolar. Debido a esta precipitación, moitos centros atrasaron o reinicio da actividade debido á falta de material hixiénico-sanitario esixido nas instrucións, pero recibíronse chamadas dende inspección todos os días para coñecer o dato de profesorado e alumnado que se incorporaba á actividade.

Todo isto supuxo para os equipos directivos e o profesorado unha presión engadida e innecesaria xa que houbo que:

- acondicionar espazos nun tempo récord.
- comprar material sen ningunha recomendación por parte da Consellería, nun mercado agresivo debido á situación sanitaria.
- asumir a responsabilidade de abrir os centros para a volta do alumnado de 2º de Bacharelato e Ciclos, atendendo a unhas instrucións que foron publicadas o venres 22 de maio, dous días antes de retomar a actividade presencial. Instrucións que, unha vez máis, foron contraditorias, principalmente no referente ao profesorado que se acollía á dispensa.
- elaborar horarios sen saber que profesorado se acollía á dispensa, combinar a actividade presencial e a telemática, tendo en conta que o profesorado de 2º de Bacharelato que se incorporaba debía seguir coa docencia telemática no resto dos cursos.
- Comprar material adicional (cámaras, micros, etc.) e adaptar os equipos do centro para que o profesorado que se reincorporaba puidese impartir docencia telemática.

Durante estes meses, o profesorado non só tivo que impartir clase das súas materias, senón que a docencia a distancia transcorreu paralelamente á formación autodidacta e á formación cooperativa na docencia virtual. Ademais, houbo que formar ao alumnado e ás familias na comunicación dixital.

Agora afrontamos un novo reto, pero as circunstancias son desalentadoras. Perdeuse un tempo precioso para organizar con tempo o novo curso escolar. Estamos a máis de mediados de xuño e non hai indicacións de actuación claras e precisas. As declaracións feitas en prensa polo Presidente da Xunta de Galicia non presaxian nada bo no referente á comunidade educativa, xa que foi o único presidente autonómico en propoñer adicar a outros fins os cartos destinados polo goberno central á educación. Un novo desprezo que se suma aos moitos que levamos soportando nos últimos meses. Pero cómpre salientar que a responsabilidade será maior ca nunca, porque estamos inmersos nunha emerxencia sanitaria que xa se cobrou miles de mortos. **As condicións de seguridade deben ser máximas e o investimento en Educación máis necesario ca nunca.**

Inquietantes son tamén as declaracións da Conselleira, **antepondo** o suposto benestar socioemocional do alumnado á seguridade sanitaria e á calidade educativa.

Necesitamos saber con urxencia como imos organizar nun mes todo o que se recolle no

acordo entre as CCAA e o Ministerio de Educación e que se resume nos seguintes puntos:

1. Adaptación das programacións didácticas
2. Plans de seguimento e apoio ao alumnado con dificultades
3. Fomento do traballo colaborativo
4. Protocolos de actuación hixiénico-sanitarios
5. Atención ao persoal incluído en grupos de risco.
6. Información e formación para o profesorado
7. Plan de organización do centro.
8. Elaboración de plans de continxencia e comunicación ás familias.
9. Servizos de comedor e transporte.
10. Redución da brecha tecnolóxica (dispositivos, redes inalámbricas, conectividade, acceso a plataformas dixitais).
11. Reforzo da competencia dixital.
12. Programas de cooperación.

É imposible sacar adiante todo ese plan de traballo sen un orzamento xusto e sen o establecemento dunha rateo axeitada e acorde coa emerxencia sanitaria, que garanta a seguridade da comunidade educativa. A situación é moi seria, xa que falamos de saúde e non se deben escatimar recursos á hora de afrontar unha volta masiva ás aulas.

Non hai dúbida de que esta situación extraordinaria que estamos vivindo altera notablemente os tempos xa de por si xustos nun curso ordinario e que estes non poden ser os habituais, xa que esixe unha planificación exhaustiva dende todos os puntos de vista, pero non se pode levar a cabo mentres non se coñeza a postura da Administración respecto ás ratios e á contratación de máis profesorado para afrontar o próximo curso **coas garantías necesarias**.

Entendemos que no inicio desta situación houbera improvisación por parte da administración educativa. Ninguén estaba preparado para isto. E así o entendeu tamén o conxunto de profesorado que puxo a disposición medios, infraestruturas, tempo, etc, pensando no alumnado, sen escatimar esforzos para conectar o máis pronto posible.

Mais despois de tantos meses transcorridos non podemos seguir improvisando cada paso, desfacendo sobre o feito. Hai un curso que organizar para o que necesitamos certezas e non ideas xenéricas e totalmente interpretables.

No momento actual máis que necesario é **IMPRESINDIBLE** xa saber:

- **CRITERIOS PARA A CONFORMACIÓN DE GRUPOS:** Criterios económicos, de

saúde á vez que de calidade educativa.

- Protocolos de seguridade e asesoramento para a posta en marcha.
- Incremento de cupo que necesariamente se ten que dar.
- Incremento de orzamento.

Ademais **esiximos**:

- Redución da ratio
- Flexibilizar os criterios relacionados coas medidas de atención á diversidade, tales como PMAR, Agrupamentos, FP Básica. Que sexa o profesorado quen de decidir as mellores medidas para cada alumno/a, independentemente de que cumpra criterios ou non. Sería a forma de paliar os efectos deste final de curso, xustamente nese alumnado máis desfavorecido. A fin de contas segundo as autoridades educativas, o equipo docente é quen mellor coñece as características do seu alumnado.
- Plan de formación do profesorado ante unha hipotética volta ao ensino a distancia.
- Mellora das infraestruturas de conectividade. No noso centro existen deficiencias graves de conexión xa que non está rematada a instalación do programa no que estamos incluídos “Escolas Conectadas” desde o ano 2017
- Dotación de medios para alumnado e profesorado: o equipamento do centro está obsoleto e precisamos de novos ordenadores para o uso do alumnado (tanto na aula como no domicilio en préstamo) e o profesorado dispuxo os seus propios medios para traballar nna casa: tf, conectividade, ordenador, etc.

En O Carril a 30 de xuño de 2020